

Os alicerces da estrutura Teolóxico moral

- Responsabilidade
- Liberdade
- Opción fundamental
- Conciencia

Na resposta que debemos dar á invitación que se nos fai en Xesús de ser benaventurados sitúase a moral. Ao actuar, ao elaborar xuízos éticos non só realizamos accións, senón que imos poñendo de manifesto actitudes, tamén intencións. Estámonos, inda que a nós non nolo pareza, comprometéndonos moralmente.

Neste ir construíndo o proxecto ético que dea sentido, razón e afianzamento ao noso actuar, o ser humano descóbrese como suxeito de todo comportamento moral. El é o centro de tódalas cuestións éticas porque todas elas parten e volven a el.

Porén, tamén somos todos conscientes que o ser humano non pode vivir nun permanente estado de perplexidade/indecisión, como se á hora de decidir se mergullase nun balbuceo constante e permanente respecto ao seu como debe actuar. Necesitamos buscarlle, e atoparlle, un sentido ao que facemos e as decisións que tomamos. Non nos pode deixar tranquilos saber que podemos facelo de varios xeitos, e elixir ao chou cada un deles. O noso e o actuar dos demais non nos deixa indiferentes, prodúcenos reacción, fainos pensar; lévanos a dialogar e compartir, con outros coma nós, para tentar establecer o porqué, ou se se dan, os mesmos elementos, situacións e respostas que se dan, damos, nós.

Todos somos conscientes que preferimos unhas cousas no canto de outras, que o mimetismo, por moito que se repitan os esquemas formais externos, cando falamos das decisións das persoas é moi difícil de admitir ou explicar. Por iso dicimos: somos libres, somos o centro, suxeitos, das nosas decisións. O Eclesiástico no capítulo 15, versíños 11 ao 17 reafirma esta primacía da liberdade sobre o fatalismo determinista. Deus non nos coarta, créanos libres. Mesmo Paulo e outros autores no N.T. en non poucas ocasións presentan a liberdade como vieiro desde o que o crente ten que ir camiñando e crecendo para que o seu actuar responda verdadeiramente ao seguimento de Xesús (Cfr. Gal 5, 1. 5,13; Xn 8,31-32. 8,36; Feit.13,38-39; Rom 6,22; Rom 8,1-4; 2 Cor 3,17; 1 Pe 2,16...)

Afirmar que somos **libres** para crecer, madurar, desenvolvernos e tomar decisións, supón situarnos, non ao nivel dos demais seres vivos, aos que hai que coidar e respectar, senón por riba deles. Guste ou non a aqueles que pretenden igualarnos, cando non situarnos por debaixo de algúns destes seres vivos. Sabernos e sentirnos libres leva a que teñamos que fixarnos nos límites, ou se queremos, mellor nas beiras a través e por medio das cales esta liberdade se fai desenvolvendo . Estamos entrando logo no ámbito da **responsabilidade**. É dicir, temos que asumir as consecuencias das decisións que tomamos. Estas esixenos e márcannos un proxecto no que camiñar e desde o que orientar a vida. Se as decisións non axudan a concretar e desenvolver ese proxecto, senón todo o contrario, será necesario que o revisemos e poñamos en cuestión tanto a nosa actuación como o propio proxecto.

Aspectos fundamentais do actuar moral responsable

O dinamismo do comportamento moral pon de manifesto que non somos miméticos inda que nolo pareza, nunca actuamos de igual xeito. Isto supón prestar atención aos elementos que fan que o noso actuar sexa humano e responsable. É dicir, que responda ao que somos nós mesmos e asuma as consecuencias das decisións que tomamos.

Destacamos logo algúns destes aspectos sempre necesarios:

1. O comportamento ha ser **consciente**.
2. Debe ser sempre **interiorizado** (non decidimos ao chou)
3. Debe ser querido por nós, e polo tanto **voluntario e libre**.
4. Porque sabemos o que facemos, ha ser **imputable**.

Non ha confundirse a responsabilidade moral, que se sitúa no ámbito da vontade e a liberdade persoal, doutras responsabilidades como poden ser a civil, penal ou psicolóxica.

Se falamos entón de responsabilidade moral, esta debe reunir os seguintes catro elementos:

- É sempre **autorresponsabilidade**
- Di sempre **dialoxicidade**, é resposta a **alguén**.
- Fai referencia a **algo** do que hai que **responder**.
- Evoca unha **estrutura obxectiva**, non se toman decisións nin se obra en consecuencia delas desde a nada.

Tendo en conta estes elementos conformantes da responsabilidade moral, é necesario vela desde a súa relación directa coa liberdade. Pois esta vaise manifestando a través dun proceso que se orienta cara unha

opción de fondo, unha decisión englobante da vida, unha decisión que pon de manifesto como quero vivir a vida e para que. Este proceso realizase desde unha estrutura artellada en tres momentos: **Opción fundamental**, **Actitudes** e **Actos**

A opción fundamental: proxecto de vida cristián

O comportamento humano responsable non se da de xeito abstracto, senón nun espazo e nun tempo. É un comportamento, dicimos, situado, que non de situación - que é onde se sitúa o paradigma posmoderno -. Somos bos ou malos; xustos ou inxustos; veraces ou mentireiros... non na teoría, senón na practica, no real do que facemos e como o facemos. Na moral clásica a isto chamábaselle as fontes da moralidade: obxecto, fin e circunstancias.

Logo do concilio Vaticano II, houbo un cambio de linguaxe, metodoloxía e categorías teolóxicas. Atrás quedaron as categorías escolásticas que operaban desde as chamadas fontes de moralidade (*obxecto, fin e circunstancias*), por consideralas meramente formalistas e estáticas para falar do dinamismo moral da persoa.

A Teoloxía moral hoxe, ao referirse á estrutura do comportamento humano responsable, abordáo desde a chamada tríade da **opción fundamental-actitudes -actos**. Nela vaise poñendo moito mellor de manifesto o dinamismo do actuar moral.

- A Opción fundamental é o importante. Nela reside a orientación que a persoa lle quere dar a súa vida; o horizonte desde onde propoñer retos, obxectivos e proxectos da persoa. Desde ela encáuzanse tódolos comportamentos e asúmese a responsabilidade da súa realización. É o cerne de todo proxecto moral persoal. Como orientación que ela é, é a temática, é dicir, non se concreta en accións ou comportamentos determinados. Ela o que nos ofrece é o ideal cara onde nós queremos ir desenvolvendo a vida desde un sentido de seguimento e compromiso co proxecto de Xesús. Esta orientación pode ser cambiada por ter feito unha elección equivocada ou por terse un afastado dela. Entraríamos entón no ámbito do pecado como a opción/decisión de camiñar de costas a Deus, o mundo, as demais persoas e un mesmo. O pecado ven sendo o rexeitamento da opción fundamental. Pero do mesmo xeito que podemos afastarnos e

rexeitala, tamén podemos retomala e volver a ela. E iso é así porque a graza de Deus foi sementada en tódolos corazóns e vaise renovando permanentemente, polo que , na nosa liberdade, sempre podemos retomar o camiño.

- As **actitudes** veñen sendo as que marcan as liñas de coherencia do noso actuar moral, e ofrecen resistencia ante calquera intento de cambio. Querendo establecer un lazo de unión coa filosofía grega e a escolástica, podemos dicir que estas serían o equivalente ao que neses contextos se chamaba “ hábitos” . Elas danlle estabilidade e consistencia vez que credibilidade, a opción fundamental. Podemos dicir que as actitudes son o balcón que mostra a fondura que hai detrás, na casa na que vivimos e nos sentimos seguros (a opción fundamental).
- Finalmente os **actos**. Son o ámbito máis externo, e como tal non moi consolidado, o que os fai estar fóra do núcleo que conforma as decisións. Poden darse de xeito continuado ou esporadicamente, cando non son nin frecuentes nin constantes, neste caso poñen de manifesto a súa falta de consolidación na estrutura interna do actuar da persoa. A súa **reiterabilidade ou permanencia**, son a expresión da forza e interioridade tanto das actitudes como da opción fundamental. Illadamente son indicios, repetidamente son expresión do calado moral de cada un. A ocasionalidade non é razón suficiente para afirmar o noso achegamento ou afastamento do estilo de vida de Xesús.

A responsabilidade do noso actuar, a bondade ou maldade de canto facemos non se fai en abstracto, senón que necesita, mesmo esixe que sexan concretados. O que nos pide saber poñer en relación, á hora de analizar os comportamentos, o ideal cara onde apunta sempre un proxecto moral e a realidade na que un se sitúa e pola que vai camiñando no día a día do seu vivir e actuar. Por iso dicimos que a moral cristián non é un código de normas e imposicións, senón un camiño de seguimento e madurez (“lei da gradualidade”).

Toma de decisións e formación da conciencia

A conciencia ocupa un **lugar preferente na construción de calquera proxecto** moral, e polo tanto, tamén no proxecto moral cristián: desde ela nós imos tomando decisións, discernindo, configurando o noso propio *ethos* (ámbito do noso vivir moral). Ela está no ámbito da toma das nosas propias decisións.

Decidir de maneira que o noso actuar non se deixe levar nin pola moda do que fan todos nin pola extravagancia do que non fai ninguén. Para axudarnos a clarificar e superar os conflitos que puideran darse ven na nosa axuda a **conciencia**. A ela imos dedicar as seguintes reflexións.

*“ A palabra conciencia evoca a idea múltiple dunha **testemuña permanente** na nosa vida psíquica; dun xuíz do ben e do mal moral, cuxa suxestión ou reforzo se nos ofrece; dun responsable ante o xuíz de todo o que emana do noso querer”*.

Nun contexto de madurez e respecto á dignidade humana, e superados os influxos manipuladores do legalismo externo (relixioso ou non) a conciencia ven se-lo referente básico desde onde se vai construíndo e configurando a personalidade. Ben sexa a nivel persoal ben a nivel social.

Ao longo da historia considerouse a conciencia dentro da estrutura e funcións intelectuais da persoa. Mesmo se considerou a decisión en conciencia como a conclusión a un siloxismo, referido a un xuízo sobre a moralidade dunha acción. E como o que se buscaba era a certeza na decisións sobre o actuar, iso supuña ideas claras e singularidade.

O concilio Vaticano II, final dun camiño de reflexión teolóxica, e continuidade e novidade para o que viu despois, no número **16 da G.s.** achéganos a súa reflexión sobre a conciencia:

“ No mais profundo da súa conciencia descubre o home a existencia dunha lei que el non se dita a si mesmo, pero a cal debe obedecer, e cuxa voz resoa, cando é necesario, nos oídos do seu corazón, advertíndolle que debe amar e practicar o ben e que debe evitar o mal: fai isto, evita aquilo. Porque o home ten unha lei escrita por Deus no seu corazón, en cuxa obediencia consiste a dignidade humana e pola cal será xulgado persoalmente. A conciencia e o núcleo máis secreto e sagrado do home, no que este se sente a soas con Deus, cuxa voz resoa no el recinto máis íntimo daquela. É a conciencia a que de modo admirable da a coñecer esa lei cuxo cumprimento consiste no amor de Deus e do próximo. A fidelidade a esta conciencia une aos cristiáns cos demais homes para buscar a verdade”.

O que supón necesidade de ir, pouco a pouco – a vida son procesos – educando esa conciencia desde un proceso de integración e discernimento. O que esixe estar moi atentos ao que pasa no noso mundo e no noso redor.

Educación, é sempre un traballo que nunca se remata e que nos leva a estar atentos a canto nos pasa e pasa ao noso redor. O que dará como resultado a comprensión de que todos somos dignidade humana. A moral, como proceso educativo, ofrécenos un estilo de vida integral, no que o persoal e o social se entrelazan e integran na busca da xenerosidade que nos recoñece iguais, libres para tamén responsables e con capacidade para esixir e que nos esixan.

A moral plantexada como un esforzo que do mesmo xeito que fai o artista coa súa obra, é necesario ir construíndo con delicadeza, pero tamén con responsabilidade e esixencia. É polo tanto a moral un arte que nos vai construíndo como seres humanos, tendo en conta a variedade de cores existentes no mundo do que formamos parte. Ven ser coma ese mestre que, tentando sacar o mellor de cada un de nós, nos vai acompañando de xeito cotián, á vez que vai configurando o noso xeito de percibir e realizar as cousas.

Todo proceso educativo ten como un dos seus obxectivos axudar a medrar e a superar medos; eses medos que nos atenazan e que moitas veces nos impiden ser nós mesmos e actuar con liberdade. Para iso a moral ten que axudarse a virtude da perseveranza, que supera o medo de horizonte de esperanza cara o que dirixi-la vida. Como afirma a **Gaudium et spes** no número 17, este proceso de educación moral ha estar guiado pola liberdade.

Refírese a ela como o sagrario. Esta sacralidade supón respecto e proceso desde o que poder chegar a decidir. É consecuencia dun proceso humanizador que que fai á persoa feliz e de actuar responsable.

Cando se fala de conciencia sempre se utilizan uns termos que dalgún xeito axudan a clarificar de xeito teórico o que se quere dicir: “ falar de conciencia é falar de “ ser consciente “. De aí que a conciencia está en íntima relación coa antropoloxía: de onde temos que afirmar que a conciencia non é un simple afirmar o primeiro que un pensa, senón que o seu proceso vaise articulando a través do tempo desde unha base:

1.- **biolóxica – neurofisioloxía** – que posibilita o estadio de vixilancia.
2.- **base psicolóxica.**– que dá lugar ó “ eu “ , ó **propium** de todo ser humano, á subxectividade, e que serve para diferencialo dos outros ,e evita o gregarismo (auto– posesión e integración da vida psíquica na unidade do suxeito)

3.- **unha base social:** estamos no mundo, con outros e somos desde os outros. O que nos circunda inflúe nas nosas decisións, condiciónaas, e

en moitas ocasións, mediatiza as nosas tomas de postura: o imperativo convértese no referente de conciencia (e isto é sempre malo: pasou no tempo do nacional – catolicismo, no que os que non se sentían identificados con esa visión se sentían oprimidos; e pasa hoxe desde o lado contrario)

A sensibilidade moral, que todas persoas posuímos, esixe que tomemos decisións, que elaboremos xuízos respecto das situacións nas que temos que implicarnos e decidir: o xuízo de conciencia é a posta en práctica da sensibilidade moral.

Desde sempre temos escoitado que a conciencia ten que ser formada
“ indispensable ós seres humanos sometidos a influencias e atenazados polo pecado, a preferir o seu propio xuízo e a rexeita-las ensinanzas autorizadas “ (C.I.C. 1783)

Se falamos de formación da conciencia na persoa, temos tamén que falar da maduración e crecemento , da madurez desa persoa. Sabemos que que todos estamos sometidos a influxos, presións... e que respondemos diante das diferentes situacións que se nos presentan, e nas que temos que decidir, tendo sempre en conta o noso proceso persoal, o noso grado de evolución psicolóxica . O que nos fai situarnos diante dos problemas/ cuestións dun xeito ou doutro. Se a formación da conciencia é gradual (se non queremos caer en maximalismos universalistas e inmutable), esta gradualidade vai acompañada do desenvolvemento psicolóxico, un desenvolvemento que cara a madurez nos vai levando tamén á responsabilidade.

Desde un traballo *inter e transdisciplinar*, a Teoloxía moral bebe na fonte da psicoloxía, e nela atopamos coa investigación (aporte)do psicólogo americano **Lawrence Kohlberg** que nos presenta un modelo, que considero interesante coñezamos, sobre o desenvolvemento psicolóxico e moral das persoas. El distingue entre **niveis e estadios**. Neles sitúa as diferentes fases/momentos polos que as persoas imos pasando no noso madurar psicolóxico e moral

1.– **nivel preconvencional**: premio / castigo; pacer / desgusto:
ANOMÍA

2.– **nivel convencional**.– o grupo: familia, grupo social... un código imposto sen ter en conta as consecuencias (típico da saída en defensa dos amigos/ familiares sen escoitar antes razóns: o meu fillo ó bo, non puido facer iso...): **HETERONOMÍA / SOCIONOMÍA**.

Son os valores do grupo que me defenden, e ó que defendo.

3.- nivel posconvencional.- desenvolvemento / crecemento, madurez do suxeito.: definir valores, asumilos, aplicalos... racionalizar. Máis alá de que mo impoñan, me inflúan ou me deixe levar pola presión: **AUTONOMÍA.: RESPONSABILIDADE.**

Claro que a idade cronolóxica non se acompaña sempre do desenvolvemento destas etapas: idade ética e crecemento físico non acostuman a ir unidas..

Coma na tarifa de internet, os procesos non son planos senón ondulados, o que pode levar, de feito leva tamén, a regresións ou estancamentos.. E como non tódolos valores se impoñen á vez, nalgúns deles pode haber unha forte maduración, e noutros estar aínda nos primeiros estadios.

A última etapa é a que tende a conseguir unha conciencia adulta, madura e responsable: capaz de asumir retos e as consecuencias dos comportamentos. O que nos indica que está nun proceso de decisión no que os valores pasan a ser unha realidade obxectiva desde onde se constrúe a vida, as opcións... e se toman decisións de xeito responsable e maduro.

A Escritura. ¿ Primeira sistematización da conciencia ?

Que nos aporta a mensaxe bíblica respecto do tema ?: polo menos a preocupación pola situacións da persoa humana., vistas desde o prisma da fe: Deus acompaña o camiñar dos homes.

6.1.- A. TESTAMENTO

A palabra como tal, non aparece nas páxinas do A.T máis que unhas poucas veces: SYNEIDESIS (palabra grega que semella que quere referirse a ter conciencia do malo e do bo, e aparece nos libros sapienciais .).

Pero sí aparecen palabras que poderíamos asimilar ó que nós entendemos por conciencia:

1.- CORAZÓN.-

testemuña do valor moral dos actos humanos (1 sam 24, 6 : DAVID / SAÚL) (2SAM 24, 10.- CENSO) (XER 17,1; 27,6 ; ..) ven sendo ámbito de interiorización (experiencia) da lei divina (Dt 4, 39). O corazón ´e entón a fonte da vida moral: Is 57, 17 ... o home rebelde camiña polas “ vías do seu corazón “. A conversión, o cambio, o actuar de xeito correcto ponse en relación co coñecemento do corazón : Ez 6,9; Xer 23, 9; Is 57, 15 .

2.- SABIDURÍA.-

O sabio é a persoa prudente, que obra e actúa con rectitude: pensa, valora, escoita... decide. O Sabio é perspicaz: sabe escoller o mellor no momento adecuado. Aquel que actúa con misericordia, xustiza, paciencia, fortaleza... A sabedoría é a fonte do ben actuar : (Sab 8,7)

3.- ESPÍRITO.-

É, xunto co corazón a sede da vida moral e relixiosa: só desde a renovación do Espírito cambiarémo-la vida . A norma de moralidade será: un corazón novo e un espírito novo (EZ 36, 26 – 27)

6.2.- O Novo Testamento

Inda que tamén se seguen a utiliza-las mesmas palabras para expresar o que nós hoxe entendemos por conciencia, o contacto co mundo grego vai facer que se introduza ESTA EXPRESIÓN DE FORMA EXPLÍCITA: conciencia.

Paulo vai se-lo motor desta nova reflexión (integración desde o chamado **filtro paulino**). 8 veces na primeira Corintios: 8,7.10.12; 10,25 – 29; tres en 2 Cor: 1,12; 4,2; 5,11; tres en Romanos: 2,15;9,1;13,5; cinco en Hbreos: 9,9.14; 10,2.22;11.13.18. tamén se nomea nas cartas Pastorais seis veces: 1TM 1,5.19;3,9;4,2;2 Tim 1,3; Tito 1,15; tres veces en Pedro: 2,19;3,16 – 21; dúas veces nos Feitos dos Apóstolos: 23,1; 24,16.

Os evanxeos seguen utilizando as expresións, para expresa-lo que entendemos por conciencia, do A.T.

Para Paulo a conciencia é un xuízo relixioso moral común a ´tódolos homes.. Forma-la conciencia é actuar na e con liberdade, con caridade, por iso é a última instancia de apelación nas relacións home Deus.

A CONCIENCIA:NORMA INTERIORIZADA DA MORALIDADE

1.- **NORMA.**- a peneira para a que os valores obxectivos alcancen a forza necesaria do compromiso subxectivo. Se non intervén a conciencia, non podemos falar de xeito pleno de “ moralidade “ .

2.- **INTERIORIZADA.**- esta normatividade non é autárquica, pechada en sí mesma. A conciencia non crea a moralidade (os valores son os referentes obxectivos), a súa é unha función de mediación entre o valor obxectivo e a situación persoal. Como norma interiorizada está en constante

relación coa normatividade exterior (g.s.16...” ... descobre unha lei que non se dita a si mesmo ...). Como norma interiorizada convértese en vinculante para a persoa.

3.- Isto esixe, para o seu correcto funcionamento, a sinceridade e coherencia persoal (rectitude), a busca da verdade posible en cada situación (verdade, non como realidade abstracta, senón como realidade que se busca e se vai facendo desde as decisións que se toman e na perspectiva do horizonte cara onde se quere ir: moral teleolóxica), e o afianzamento na decisión tomada: seguridade (certeza). Non pode , a decisión en conciencia, levarnos á perplexidade. Acepta-la formación da conciencia moral supón situarse na “ lei da gradualidade “:: saber adaptarse á progresión da persoa (importancia do visto respecto á evolución)

4.- a actuación en conciencia vaise realizando (facendo; fieri) a través do canle funcional do discernimento moral: NON NACEMOS APRENDIDOS.

Función específica da conciencia

Como ocorre con outros elementos da teoloxía moral, tamén a función da conciencia está sometida a interpretacións, unhas, as veces demasiado maximalistas, e outras que se decantan polo minimalismo. É dicir, unhas buscan nela a creadora dos valores morais (maximalista): a borracheira da liberdade: eu son, podo, penso e decido... é a persoa a que constitúe e aclara o que é o ben e o que é o mal.

Por outra banda, a interpretación minimalista reduce a decisión de conciencia a unha mera repetición, un reflexo do orde obxectivo: como a conciencia moral é algo subversivo, perigoso, incontrolable... a súa función ha de reducirse a “ obedecer “ a orde moral obxectivo.

Conclusión : a función da conciencia

1.- A conciencia moral é a **necesaria mediación da moralidade** (o bo /malo), **non crea a moralidade**. Pero tampouco se reduce a un mero comportamento clónico dos principios obxectivos: É O ÁMBITO DA PERSONALIZACIÓN (é o actuar desde as razóns que descubrimos, contrastamos ,e que nos levan a actuar).

Como forza obrigante é o árbitro entre a realidade e a situación persoal. O que significa que actuar en conciencia esixirá, moitas veces,

actuar contracorrente. Pois o suxeito persoal vaise introducindo no proceso de moralidade:

- 1.- **capta para si valores obxectivos** facéndoos seus: personalízaos
- 2.- **integra o seu eido persoal** no valor obxectivo: desenvólveo.
- 3.- **implica á persoa** cara a procura dun actuar coherente.

A conciencia e maxisterio recente

1.- **O VATICANO II.**– Nun momento histórico e eclesial de marcado cariz optimista, no que se volve á centralidade do ser humano, na recuperación da capacidade do ser humano de construír proxecto ético, de buscar razóns, de... introduci-la reflexión personalista no contexto da fundamentación filosófica da teoloxía. Temos así na **Gaudium et Spes**, a constitución sobre a igrexa no mundo: G.S. 8,26,50,61; D.H. 3, 11. Pero o número explícito no que se estudia esta cuestión é no número **16** desta constitución.

2.- O CATECISMO DA IGREXA (1992) (1776 – 1794)

1.- PARTE DA CITA DO NÚMERO 16 DA G.s., pero isto non significa nada máis que querer indicar que a súa reflexión aséntase sobre o texto do concilio. Unha declaración de intencións, xa que o desenvolvemento do tema vaise afastando pouco a pouco da fundamentación conciliar.

2.- **CONCEPTUALMENTE O SEU É UN PLANTEAMENTO TRADICIONAL**, é dicir, escolástico

3.- A VERITATIS SPLENDOR (54 – 64)

1.–Toda reflexión e proposta moral do texto sitúase en confrontación co cultura do relativismo posmoderno .

2.– A súa fundamentación ten como eixe o iusnaturalismo . perdendo en ocasións as referencias e raíces personalistas, tan presentes no concilio. Inda que se nos subliña a súa dimensión de procura da dignidade, de ámbito de decisión e interioridade... o resultado final non remata mais que sendo a identificación co que di a autoridade, a voz autorizada. O que supuxo un non pequeno enfrontamento con un gran número de moralistas que facían, desde os textos do concilio, outra interpretación.